



Resolución do 17 de agosto de 2015 pola que se convocan 60 cursos específicos de prevención de riscos laborais en actividades do sector agrogandeiro e forestal, e se establecen as bases da convocatoria

No Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014 recoñécese que a cobertura das necesidades preventivas é insuficiente en relación coas necesidades e demandas das empresas e das persoas traballadoras. Estas carencias son maiores no ámbito rural que, en xeral, se corresponden con actividades do sector primario, recolléndose como un sector de actuación preferente en materia de seguridade e saúde laboral o sector agrogandeiro e forestal. Como consecuencia, o Plan de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) para o ano 2015 recolle no seu eixe "Formación, difusión e sensibilización" un programa de introdución da cultura preventiva e formación no sector primario no ámbito rural, que ten como obxectivos programar e executar as accións formativas correspondentes a cada zona, elaborar material didáctico específico de apoio a ditas accións, e deseñar campañas de sensibilización sectoriais específicas.

O Real decreto 752/2010, de 4 de xuño, polo que se aproba o primeiro programa de desenvolvemento rural sostible para o período 2010-2014 en aplicación da Lei 45/2007, de 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, contempla como unha das actuacións do programa a 1.22.-CA.3 relativa a información e formación profesional ocupacional e continua das persoas traballadoras.

O desenvolvemento deste programa instruméntase na Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Convenio específico entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais. Unha das accións a desenvolver recollidas no dito convenio, a través do que o Estado aporta unha financiación do 50%, e dentro da actuación 1.22.-CA.3, é a realización de *accións formativas e informativas sobre seguridade e hixiene no traballo*, a executar polo Issga e dirixida ás persoas traballadoras do sector primario.

En consecuencia, resolvo:

1. Convocar **60 cursos específicos de prevención de riscos laborais en actividades do sector agrogandeiro e forestal.**

Os cursos desenvolveranse conforme as bases que figuran no **anexo I** desta resolución.

Este programa de cursos desenvólvese en execución da acción "1.22.CA.3- Información e formación en materia de seguridade e hixiene no traballo" incluída no anexo 1 do Convenio específico entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais, asinado o 7/5/2012. En consecuencia, financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 11.80.324B.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015.



2. A selección do alumnado realizarase previa pública convocatoria coa difusión polos seguintes medios:
- Páxina web do Issga.
- E, no seu caso, a través de:
- Concellos nos que se van desenvolver os cursos.
 - Oficinas de emprego do Servizo Galego de Colocación de referencia segundo a zona.
 - Empresas do sector, etc.

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2015

A directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

P.S. Orde do 17 de novembro de 2014

O subdirector xeral Técnico e de Planificación



Fernando González Abeijón



ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA DE 60 CURSOS ESPECÍFICOS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN ACTIVIDADES DO SECTOR AGROGANDEIRO E FORESTAL, COFINANCIADOS POLO MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE A TRAVÉS DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL SOSTIBLE

1. Identificación dos cursos convocados, duración, número de prazas convocadas, lugares e datas de impartición, fin do prazo de inscrición e contido:

Denominación	Curso de prevención de riscos laborais no manexo de maquinaria agrícola. Manexo práctico do tractor e os seus apeiros	
Nº de edicións: 20	Nº de horas/edición: 22	Nº de prazas por edición: 15
Datas do curso: pendente de confirmar. O ISSGA publicará na súa páxina web as datas, horario e lugares definitivos onde se impartirán os cursos		
Prazo de inscrición: dende a publicación da convocatoria ata cinco días antes do inicio do curso (o prazo é ampliable ata alcanzar o número máximo de alumnos/as)		
Provincia:		Concello
A Coruña	Abegondo	
	Boiro	
	Coirós	
	Curtis	
	San Sadurniño	
Lugo	A Pastoriza	
	Abadín	
	Guitiriz	
	Navia de Suarna	
	Trabada	
Ourense	Allariz	
	Manzaneda	
	O Barco de Valdeorras	
	Vilar de Barrio	
Pontevedra	Vilardevos	
	A Cañiza	
	Lalín	
	Mondariz	
	O Porriño	
Vilanova de Arousa		
Contido: - Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo. A lei de prevención de riscos laborais e normativa relacionada. Organismos con competencias na materia. O Issga (1 hora). - Seguridade nos traballos agrícolas con máquinas agrícolas automotrices e remolques. Tractor, motocultor, tractocarro. Requisitos legais. A ITV. O ROMA (3 horas). - Medidas de protección e prevención que se deben adoptar no manexo de apeiros (2 horas).		



<ul style="list-style-type: none"> - Seguridade viaria no manexo de máquinas automotrices por estradas e camiños agrícolas (2 horas). - Primeiros auxilios e primeira intervención no caso de accidente (2 horas). - Práctica de campo. Planificación do traballo. Operacións previas (manuais, marcacións, vestimenta, EPI, revisión de pneumáticos, dispositivos de seguridade, transmisión e freos, iluminación, sinalización, arrinque). Repostaxe. Estacionamento. Circulación. Enganche e desenganche de apeiros. Fichas de avaliación dos riscos (12 horas).
Teléfono de información: 986 783582

Denominación	Curso de prevención de riscos laborais no manexo de maquinaria forestal. Manexo práctico de motoserra e rozadoira	
Nº de edicións: 20	Nº de horas/edición: 22	Nº de prazas por edición: 15
Datos do curso: pendente de confirmar. O ISSGA publicará na súa páxina web as datas, horario e lugares definitivos onde se impartirán os cursos		
Prazo de inscrición: dende a publicación da convocatoria ata cinco días antes do inicio do curso (o prazo é ampliable ata alcanzar o número máximo de alumnos/as)		
Provincia:	Concello	
A Coruña	As Pontes de García Rodríguez	
	Cedeira	
	Oroso	
	Ortigueira	
	Santiso	
Lugo	Friol	
	Quiroga	
	Ouro	
	Pantón	
	Vilalba	
Ourense	A Mezquita	
	Carballada de Valdeorras	
	Maceda	
	Monterrei	
	Viana do Bolo	
Pontevedra	A Estrada	
	Campo Lameiro	
	Moraña	
	O Grove	
	Salvaterra de Miño	
Contido:		
<ul style="list-style-type: none"> - Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo. A lei de prevención de riscos laborais e normativa relacionada. Organismos con competencias na materia. O Issga (1 hora). - A prevención de riscos laborais con maquinaria forestal lixeira (motoserra, rozadoira etc.) (4 horas). - A prevención de riscos laborais co tractor (1 hora). 		



- Os equipos de protección individual (EPI) (1 hora).
- Seguridade viaria no manexo de máquinas automotrices por estradas e camiños agrícolas (1 hora).
- Primeiros auxilios e primeira intervención no caso de accidente (2 horas).
- Práctica de campo. Manexo seguro da maquinaria forestal lixeira: montaxe e desmontaxe, mantemento e identificación dos dispositivos de seguridade; técnicas de apeo, derramado e tronzado (12 horas).

Teléfono de información: **986 783582**

Denominación	Curso de prevención de riscos laborais en explotacións agrogandeiras	
Nº de edicións: 20	Nº de horas/edición: 22	Nº de prazas por edición: 20
Datas do curso: pendente de confirmar. O ISSGA publicará na súa páxina web as datas, horario e lugares definitivos onde se impartirán os cursos		
Prazo de inscrición: dende a publicación da convocatoria ata cinco días antes do inicio do curso (o prazo é ampliable ata alcanzar o número máximo de alumnos/as)		
Provincia:	Concello	
A Coruña	Melide	
	Negreira	
	Ponteceso	
	Santa Comba	
	Vilasantar	
Lugo	Bóveda	
	Castro de Rei	
	Cospeito	
	Guitiriz	
	Pol	
Ourense	Cenlle	
	Cortegada	
	Nogueira de Ramuín	
	O Carballiño	
	Xinzo de Limia	
Pontevedra	Gondomar	
	Lalín	
	O Rosal	
	Portas	
	Tomiño	
Contido: -Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo. A lei de prevención de riscos laborais e normativa relacionada (1 hora): <ul style="list-style-type: none"> o A organización preventiva o A avaliación de riscos o Organismos con competencias na materia. O Issga 		



-Riscos xerais nas explotacións agrogandeiras (2 horas).
-Riscos específicos e as súas medidas preventivas (5 horas):

- o A maquinaria agrícola. Requisitos legais. O ROMA. O tractor e os seus apeiros
- o Manexo de animais
- o Manexo de agroquímicos. Etiquetado e fichas de datos de seguridade. Aplicación.

Almacenamento. O ROPO

- o Equipos de protección individual
- o Espazos confinados
- o Manexo de cargas

- Primeiros auxilios e primeira intervención no caso de accidente (2 horas).
- Práctica de campo. Visita dirixida a explotacións agrogandeiras. Manexo seguro e mantemento da maquinaria e equipos, identificación de elementos de protección; procedementos seguros no almacenamento, transporte e aplicación de produtos químicos etc (8 horas).

Teléfono de información: **986 783582**

2. Obxectivo dos cursos:

Proporcionar unha formación específica ás persoas traballadoras e profesionais do sector en materia de prevención dos riscos laborais inherentes a estas actividades, coa finalidade de fomentar a adquisición de habilidades nesa materia así como a adquisición dunha cultura preventiva, e diminuír os accidentes laborais nestes sectores.

3. Desenvolvemento dos cursos:

- O ISSGA publicará na súa páxina web (<http://issga.xunta.es/portal/index.html>), con antelación suficiente, as datas, horario e lugares definitivos onde se impartirán os cursos. Os cursos impartiranse previsiblemente durante os meses de setembro, outubro e novembro.
- Os cursos teñen carácter presencial. É obrigatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións presenciais. A falta de asistencia, aínda que sexa xustificada, en máis dun 10% das horas lectivas implicará a perda do dereito ao certificado de asistencia.
- Horario: o horario dos cursos desenvolverase preferentemente a partir das 16:00 horas, sen prexuízo de que se poida variar para facilitar o desenvolvemento das prácticas ou a asistencia. Os datos relativos ao enderezo do local onde se vai impartir o curso, confirmación das datas de impartición e horario serán comunicados ás persoas seleccionadas, e poderanse consultar antes da data de comezo de cada curso (segundo as datas que se indican no punto 1) na páxina web <http://issga.xunta.es/portal/index.html>, no enlace destinado ao *Programa de desenvolvemento rural*.
Así mesmo, na páxina web indicada poderase consultar calquera outra información relacionada co desenvolvemento destes cursos.

4. Persoas destinatarias e distribución das prazas:

Persoas traballadoras maiores de idade ocupadas ou desempregadas na actividade a que se dirixe o curso. Terán que acreditar documentalmente a súa relación laboral coa actividade agroforestal.

Ademais cumprirán polo menos unha das condicións seguintes:

- 1) Ter enderezo particular no concello no que se imparte o curso ou nalgún dos concellos incluídos nos plans de zona especificados no anexo III.
- 2) Traballar na actualidade ou haber traballado nun centro de traballo con actividade á que se dirixe a formación situado nun concello de plan de zona especificados no anexo III. Coa inscrición presentárase documento xustificativo (certificado asinado pola empresa, copia do contrato, etc...)

5. Criterios de selección:

As prazas asignaranse priorizando aos seguintes colectivos: mozos/as, entendendo por tales aquelas persoas cunha idade de 30 ou menos anos, mulleres, persoas cunha cualificación profesional baixa ou con baixo nivel de estudos, parados/as de longa duración (máis de dous anos en desemprego e o acrediten achegando informe da vida laboral ou similar, coa presentación da solicitude) e persoas con discapacidade, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%, sempre que sexa compatible coa formación e coa actividade á que se dirixe o curso.

No caso de que unha vez aplicada esta prioridade haxa máis solicitudes que prazas dispoñibles, as prazas asignaranse por orde de antigüidade na data de presentación da solicitude, sen prexuízo de que poida aumentarse o número de prazas.

6. Solicitudes:

As solicitudes efectuaranse utilizando o formulario que se recolle no **anexo II**, e se o solicitante non reside nun dos concellos localizados en plan de zona rural (ver anexo III), ademais deberá presentar xustificante de traballar nunha empresa situada nun destes concellos. O prazo para presentar as solicitudes especifícase para cada curso no epígrafe 1 destas bases.

As solicitudes poderanse presentar **por calquera dos seguintes medios**:

- Por correo electrónico, ao enderezo desenvolvementorural.issga@xunta.es
- Por fax, ao número 986 787224

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia do DNI/ NIF / NIE/ Pasaporte
- Documento que acredite a vinculación do solicitante coa actividade agraria (vida laboral, contrato de traballo, inscrición en rexistros do sector coma o REAGA, o ROMA, etc.)



- De ser o caso, se o traballador non ten enderezo particular no concello no que se imparte o curso ou nalgún dos concellos incluídos nos plans de zona especificados no anexo III, pero o seu centro de traballo si está ou estivo nalgún destes concellos, achegará copia do contrato de traballo, certificado de empresa que o acredite ou documento similar (epígrafe 4, persoas destinatarias e selección de prazas)
- De ser o caso, documentación xustificativa de pertenza ao colectivo prioritario (epígrafe 5, criterios de selección)

Esixírase un mínimo de 10 alumnos/as por curso. No caso de non chegar a este mínimo, o Issga poderá cambiar as datas previstas de desenvolvemento ou anulalo, o que se comunicará con antelación suficiente ás persoas solicitantes.

7. Acreditación da formación:

Ao remate de cada curso o Issga expedirá certificado de asistencia aos/ás alumnos/as.

8. Control e seguimento das accións formativas:

O control e seguimento das accións formativas realizarase polo persoal técnico do Issga.

9. Custo dos cursos e financiamento:

A asistencia a estes cursos será gratuíta para as persoas seleccionadas.

Este programa de cursos desenvólvense en execución da acción "1.22.CA.3- Información e formación en materia de seguridade e hixiene no traballo" incluída no anexo 1 do Convenio específico entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais, asinado o 7/5/2012, contando cunha cofinanciación do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente dun 50 %.



ANEXO II: MODELO DE SOLICITUDE

ACCÍONS FORMATIVAS DO ISSGA DE ACORDO AO CONVENIO ESPECIFICO ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCÍONS INCLUIDAS NOS PLANS DE ZONA DAS SÚAS ZONAS RURAIS, DENTRO DA ACCIÓN 1.22.CA.3- INFORMACIÓN E FORMACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABALLO:

TÍTULO DA ACTIVIDADE FORMATIVA <input type="checkbox"/> PRL maquinaria agrícola <input type="checkbox"/> PRL maquinaria forestal <input type="checkbox"/> PRL explotacións agrícolas	LUGAR DE REALIZACIÓN	DATA INICIO
---	----------------------	-------------

I. DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE				
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	IDENTIFICACIÓN (achegar copia)	
			<input type="checkbox"/> DNI/NIF <input type="checkbox"/> NIE <input type="checkbox"/> Pasaporte/Outro	
			N.º	
DATA DE NACEMENTO		SEXO	PERSOA CON DISCAPACIDADE	GRAO DE DISCAPACIDADE
Día	Mes	Ano	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	
			<input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/> Muller	
DOMICILIO				CÓDIGO POSTAL
LOCALIDADE	CONCELLO		PLAN DE ZONA DO CONCELLO (ver anexo III)	PROVINCIA
TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL		ENDEREZO ELECTRÓNICO	
TITULACIÓN OU NIVEL DE ESTUDIOS				

II. DATOS LABORAIS			
SITUACIÓN LABORAL		Desemprego <input type="checkbox"/>	
		Traballa por conta propia <input type="checkbox"/>	
		Traballa por conta allea <input type="checkbox"/>	
No caso de traballadores desempregados:			
Nº de meses en situación de desemprego		OCUPACIÓN DESENVOLTA NO SECTOR DE ACTIVIDADE DA FORMACIÓN	
RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA NA QUE TRABALLARA DO SECTOR DE ACTIVIDADE DA FORMACIÓN		CONCELLO ONDE RADICA A EMPRESA	PLAN DE ZONA DO CONCELLO (ver anexo III)
No caso de traballadores ocupados:			
RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA		CONCELLO ONDE RADICA A EMPRESA	
PLAN DE ZONA DO CONCELLO (ver anexo III)	PROVINCIA	ACTIVIDADE DA EMPRESA	
POSTO DE TRABALLO	É O XERENTE DA EMPRESA?		<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
Documentación que achega (fotocopia)			
<input type="checkbox"/> DNI/NIE/pasaporte <input type="checkbox"/> Doc. vinculación laboral coa actividade agroforestal (obrigatorio) <input type="checkbox"/> Carné conducir (só curso maquinaria agrícola)			
<input type="checkbox"/> Xustificación de que traballou en empresa en Plan de zona (se non reside en Concello en Plan de Zona) <input type="checkbox"/> Xustificación colectivo prioritario			

DECLARACIÓN RESPONSABLE
Declaro a veracidade de todos os datos consignados na solicitude. Data e sinatura:
Os datos persoais solicitados formarán parte dun ficheiro automatizado, debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, cuxo responsable é o Issga e cuxa finalidade é xestionar as actividades e servizos solicitados, e informar de outras actividades do Issga. Como responsable do ficheiro, Issga garante o cumprimento da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal. O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral como responsable do ficheiro, ao enderezo Casa da Parra, Praza da Quintana, s/n, 15704 Santiago de Compostela

Dirección do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral



ANEXO III: Planes de zona e listados de concellos (RD 752/2010)

TERRAS SANTIAGO	DE	Ames, Arzúa, Boimorto, Boqueixón, Brión, Cerceda, Dodro, Frades, Melide, Mesía, Ordes, Oroso, Padrón, Pino (O), Rois, Santiso, Sobrado, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra
A MARIÑA		Alfoz, Barreiros, Burela, Cervio, Foz, Lourenzá, Oourol, Pontenova (A), Mondoñedo, Ribadeo, Trabada, Valadouro (O), Vicedo (O), Viveiro e Xove
LUGO CENTRAL		Abadín, Antas de Ulla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, Corgo (O), Cospeito, Friol, Guitiriz, Incio (O), Lán cara, Monterroso, Muras, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Paradela, Páramo (O), Pastoriza, (A), Potomarín, Rábade, Samos, Sarria, Triacastela, Vilalba e Xermade
MONTAÑA LUCENSE		Baleira, Baralla, Becerreá, Cervantes, Folgoso do Courel, Fonsagrada (A), Meira, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, Nogais (As), Pedrafita do Cebreiro, Pol, Quiroga, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín e Riotorto
DEPRESIÓNS OURENSANAS TERRAS DO SIL	E	Baltar, Bande, Blancos (Os), Calvos de Randín, Castrelo do Val, Castro Caldelas, Chandrea de Queixa, Cualedro, Entrimo, Gudiña (A), Laza, Lobeira, Lobios, Manzaneda, Mezquita (A), Montederramo, Monterrei, Muíños, Oímbra, Parada de Sil, Pobra de Trives (A), Porqueira, Rairiz de Veiga, Riós, San Xoan de Río, Sandiás, Sarreaus, Teixeira (A), Trasmiras, Verín, Viana do Bolo, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós, Vilariño de Conso e Xinzo de Limia.
MIÑO CENTRAL		Allariz, Amoeiro, Arnoia (A), Avión, Baños de Molgas, Barbadás, Beade, Beariz, Boborás, Bola (A), Carballeda de Avia, Carballiño (O), Cartelle, Castrelo de Miño, Celanova, Cenlle, Coles, Cortegada, Esgos, Gomesende, Irixo (O), Leiro, Maceda, Maside, Melón, Merca (A), Nogueira de Ramuín, Paderne de Allariz, Padrenda, Pereiro de Aguiar (O), Peroxa (A), Piñor, Pontedevea, Punxín, Quintela de Leirado, Ramirás, Ribadavia, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, Taboadela, Toén, Vereia, Vilamarín, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadanedo
VALDEORRAS		Barco de Valdeorras (O), Bolo (O), Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, Rúa (A), Rubiá, Veiga (A) e Vilamartín de Valdeorras
LUGO SUR		Bóveda, Carballedo, Chantada, Monforte de Lemos, Pantón, Pobra do Brollón (A), Saviñao (O), Sober e Taboada
RIAS ALTAS E ARCO ARTABRO		Abegondo, Aranga, Ares, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cabanas, Cambre, Capela (A), Cariño, Carral, Cedeira, Cerdido, Cesuras, Coirós, Culleredo, Curtis, Fene, Irixoa, Laracha (A), Mañón, Miño, Moeche, Monfero, Mugardos, Neda, Ortigueira, Oza dos Rios, Paderne, Pontedeume, Pontes de García Rodríguez (As), Sada, San Sadurniño, Somozas (As), Valdoviño, Vilamaior e Vilasantar
PONTEVEDRA ESTE E TERRAS DO MIÑO		Arbo, Campo Lameiro, Cañiza (A), Cerdedo, Cotobade, Covelo, Crecente, Forcarei, Fornelos de Montes, Gondomar, Guarda (A), Lama (A), Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, Neves (As), Oia, Pazos de Borbén, Ponte Caldelas, Pontearreas, Porriño (O), Rosal (O), Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior, Tomiño e Tui
COSTA DA MORTE E RIAS ALTAS		Baña (A), Boiro, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, Laxe, Lousame, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muros, Muxía, Negreira, Noia, Outes, Pobra do Caramiñal (A), Ponteceso, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Santa Comba, Vimianzo e Zas
PONTEVEDRA NORTE E RIAS BAIXAS		Agolada, Barro, Caldas de Reis, Cambados, Catoira, Cuntis, Dozón, Estrada (A), Grove (O), Illa de Arousa (A), Lalín, Meaño, Meis, Moraña, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Rodeiro, Sanxenxo, Silleda, Valga, Vila de Cruces e Vilanova de Arousa